

BORRADOR DO ACORDO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO SPIF

Nas seguintes páxinas formúlanse dúas propostas, partindo da situación actual, para a prestación do servizo de prevención e extinción de incendios forestais por parte do persoal funcionario do Servizo de Prevención de Incendios Forestais, agás as escalas de axentes e persoal técnico, con regulación propia

SITUACIÓN ACTUAL

1.- Período de prestación de servizo

A xornada de traballo do persoal do SPDCIF será a establecida no convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia en cómputo anual, realizando o seu traballo entre as 0 e as 24 horas en xornadas continuadas e quendas rotativas.

A xornada máxima de traballo será de 12 horas no caso de incendio, que comezará e rematará contada a partir do lugar de reunión ou centro de control establecido. No caso do peón condutor, a xornada máxima é de 11 horas para permitir un descanso previo antes do retorno. En todo caso, para esta cate goría, dispoñeráse dun descanso adicional dunha hora no suposto de xornada de extinción e de media hora en xornada normal.

Confeccionaranse dous cuadrantes de traballo, segundo dous niveis de risco de incendios, baixo e alto. Establécese, con carácter xeral, como época de perigo alto os meses de xullo, agosto e setembro, máis un, sendo os meses restantes de risco baixo.

O mes restante poderá engadirse aos outros tres, formando un continuo de catro meses, eliminarse ou fraccionarse como máximo en dous períodos de 15 días, cun aviso previo de sete días de antelación para pasar do cuadrante de perigo baixo ao de perigo alto.

2.- Período ordinario

A duración das quendas será, en xornada continuada, **de sete horas durante** a época de perigo baixo de incendios, e de oito horas o resto do ano, respectándose a xornada máxima anual que con carácter xeral establece o convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia. O período de descanso de xornada procurarase facer na metade dela.

As **bandas horarias en época de perigo baixo** serán das 8.00 ás 15.00 horas, das 14.00 ás 21.00 horas, e das 21.00 ás 04.00 horas

Poderá haber en cada distrito forestal unha quenda das 24.00 ás 7.00 horas, en casos excepcionais e debidamente xustificadas, logo de comunicación da Subdirección Xeral de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais á comisión de seguimento, coas excepcións sinaladas no punto 4 deste acordo.

2.1 Descansos

A cada persoa do SPDCIF garáteselle un descanso semanal **de dous días naturais ininterrompidos**.

Na época **de perigo baixo** de incendios garantirase polo menos o descanso en domingos alternos e na metade dos festivos como mínimo, sendo a outra metade dos festivos e domingos compensados con días de descanso segundo se determine nos cuadrantes anuais de traballo.

O persoal do SPDCIF gozará dun descanso mínimo entre o remate dunha xornada e o comezo da seguinte de 12 horas ininterrompidas segundo regula o artigo 34.3º do Estatuto dos traballadores.

3.- Período extraordinario

A duración das quendas será, en xornada continuada, de sete horas durante a época de perigo baixo de incendios, e de **oito horas o resto do ano**, respectándose a xornada máxima anual que con carácter xeral establece o convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia. O período de descanso de xornada procurarase facer na

metade dela.

En época de **perigo alto as bandas horarias** serán das 7.00 ás 15.00 horas, das 14.00 ás 22.00 horas, das 15.00 ás 23.00 horas, das 16.00 ás 24.00 horas, e das 24.00 ás 8.00 horas.

En casos excepcionais e debidamente xustificados, e logo de comunicación da Subdirección Xeral de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais á comisión de seguimento, poderanse axustar as quendas anteriores nos distritos forestais que así sexa necesario, e unha vez rematada esa excepcionalidade, volverán ás quen-das mencionadas anteriormente.

No caso de que as quendas coincidan co horario habitual de comida, habilitarase unha hora para realizala. En caso de incendio a Administración facilitará o fornecemento de comida e bebida

3.1 Descansos

A cada persoa do SPDCIF garáteselle un descanso semanal **de dous días naturais ininterrompidos**.

Na época de **perigo alto de incendios**, garantirase o descanso da metade dos festivos e un domingo ao mes como mínimo. A metade dos festivos e os domingos traballados serán compensados en días de descanso segundo se determine nos cuadrantes anuais de traballo.

O persoal do SPDCIF gozará dun descanso mínimo entre o remate dunha xornada e o comezo da seguinte de 12 horas ininterrompidas segundo regula o artigo 34.3º do Estatuto dos traballadores.

4.- Compensacións

A compensación será efectuada conforme o previsto no convenio colectivo único. As compensación están establecidas no artigo 19 do V convenio colectivo que actualmente esta suspendido.

5.- Prolongacións

As horas de prolongación de quendas por **necesidades de extinción** de incendios non excederán das catro horas diarias e das 80 anuais e serán compensadas con días libres, de acordo co previsto no convenio único.

Con previo aviso de 48 horas de antelación, poderán concederse días libres con anterioridade ao exceso de horas traballadas, debendo equilibrarse en cómputo anual.

No caso de prolongación da xornada, o SPDCIF garantirá a subministración da comida aos traballadores e traballadoras afectados, ou no seu defecto aboará a correspondente axuda de custo.

6.- Casos Especiales

No caso das brigadas helitransportadas o seu hora rio estará en función do orto e do ocaso.

No caso dos/as emisoristas do 085 deberán cubrir as 24 horas

O horario de traballo dos/as operadores/as codificadores/as será de luns a venres en xornada de maná.

OPCIÓN A

1.- Período de prestación de servizo

O ano natural divídese en dous períodos de prestación de servizos: un ordinario e outro extraordinario. No último trimestre do ano anterior estableceranse dous cadros de servizos: un para o período ordinario e outro para o período extraordinario. O cadro do período extraordinario fixarase para todo o ano natural. Debe respectarse a xornada máxima anual que estableza a Xunta de Galicia para o persoal a quendas.

As quendas de prestación efectiva de servizos en día festivo non superarán o número de 5 ao ano por traballador/a, computándose para estes efectos tanto as quendas en festivo realizadas en período ordinario como extraordinario. Non terá a consideración de quenda en día festivo aquela na que se presten tres ou menos horas en día sinalado como festivo.

2.- Período ordinario

O período ordinario comprende todo o ano, excepto o definido, se é o caso, como período extraordinario. Neste período realizaranse de luns a venres quendas de prestación efectiva de servizos de mañá, tarde e noite.

Tamén se realizará unha quenda diaria de prestación efectiva de servizos durante **cada día da fin de semana e festivo**. Para estes efectos, terán a consideración de festivos os días 24 e 31 de decembro.

2.1.- Quendas diurnas

A duración das **quendas de mañá e tarde de luns a venres** durante o período ordinario será de 7 horas. A quenda de mañá comezará ás 8.00 horas e a de tarde ás 14.00 ou 15.00 horas.

Se por necesidades de servizo é necesario **prolongar a xornada de traballo** durante as quendas de mañá e tarde, de luns a venres, o/a traballador/a seguirá prestando continuamente o servizo ata un máximo de 4 horas, sen que o número de horas acumuladas ao mes poida exceder 8.

Cada hora prolongada compensarase cunha diminución de xornada no mesmo trimestre ou no seguinte de 1,50 horas.

A duración da **quenda de fin de semana e festivo** será de 12 horas, con prestación efectiva de servizos, e poderá comezar ás 8.00, ás 10.00 ou ás 12.00 horas.

2.2.- Quendas nocturnas

Durante o período ordinario, estableceranse **quendas nocturnas** durante todos os días do período, fins de semana incluído.

A quenda nocturna en **día laborable será de 10 horas**. A duración da quenda nocturna de fin de semana e festivo será de 10 horas e poderá empezar ás 20.00 ou ás 22.00 horas.

A prolongación das ditas quendas por necesidade do servizo compensarase cunha diminución de xornada de 1,5 horas por cada hora prolongada, de ser posible, durante o mesmo ou seguinte trimestre.

2.3.- Descansos

A quenda de traballo en día festivo comportará a libranza de dous días na mesma semana ou nas dúas semanas anteriores ou posteriores. A realización das quendas de 12 horas ou nocturna de fin de semana comportará a libranza de dous días na mesma semana e dun día máis na mesma semana ou nas dúas semanas seguintes ou nas dúas anteriores.

2.4.- Servizos máximos durante o período ordinario

Durante o período ordinario os servizos máximos por traballador/a serán os seguintes:

- a) 8 quendas de prestación efectiva de servizos en fin de semana completos cada 8 semanas en cómputo anual e nunca en fins de semana consecutivos.
- b) 8 quendas nocturnas cada 6 semanas.

3.- Período extraordinario

Con carácter xeral, o período extraordinario será de catro meses, que comprenderá, en todo caso, os meses de xullo, agosto e setembro, correspondentes co período de tempo declarado como época de perigo alto de incendios.

O mes adicional decidirao o centro directivo competente en materia de incendios forestais e poderá fraccionarse como máximo en dous períodos de 15 días. O inicio de cada un destes períodos adicionais anunciarase con tres días de antelación, sempre que as circunstancias o permitan.

En cada distrito estableceranse as quendas de persoal necesario para atender durante todos os días e horas do período extraordinario a vixilancia, prevención e extinción de incendios forestais e calquera outra continxencia que se produza.

3.1 Quendas diurnas

As quendas **serán de presenza física e a súa duración será de 12 horas**, as que se inicien de mañá e de tarde. As quendas empezarán ás 8:00 e ás 14:00.

3.2 Quendas nocturnas

As quendas nocturnas serán de presenza física e terán unha **duración de 10 horas** as que se inicien de tarde-noite. As quendas empezarán ás 20:00 ou as 22:00 horas.

3.3 Servizos máximos

3. Os servizos máximos no período extraordinario serán de 16 quendas mensuais. As quendas en fin de semana realizaranse en fins de semana alternos.

No suposto de persoal que teña restrinxidas ou sexa non apto para realizar funcións de extinción, o réxime de prestación de servizos será o do período ordinario e só poderán realizar quendas de fins de semana e festivos comprendidos dentro deste período ordinario.

4.- Réxime de descansos e horarios

O persoal gozará dun descanso semanal mínimo de 48 horas consecutivas dentro dun período de 7 días quedando prohibidas as continuidades de quendas superiores a 5 días consecutivos, agás que, por cambio de cadro, as necesidades de rotación do persoal non o permitan, compensándose neste suposto o descanso non gozado nos descansos semanais seguintes.

Os cadros de quendas confeccionaranse no último trimestre do ano para todo o exercicio seguinte, serán públicos e dados a coñecer ao persoal afectado.

A Administración poderá axustar periodicamente os horarios das quendas se o exixisen as necesidades do servizo, o que se poñerá en coñecemento do persoal afectado cunha antelación mínima de 4 días hábiles.

O persoal que preste servizo en quendas que comprendan integramente os períodos comprendidos entre as 13.00 e as 15.00 horas e entre as 21.00 e 23.00 horas terán dereito a dispoñer dunha hora en cada un deses períodos para xantar ou cear, sempre e cando a xornada de traballo se inicie ou finalice unha hora antes ou despois dos

mencionados períodos e non resulte desatendido o servizo. Para facilitar este dereito, procurarase establecer as quendas que proceda.

OPCIÓN B

1.- Período de prestación de servizo

O ano natural divídese en dous períodos de prestación de servizos: un ordinario e outro extraordinario. No último trimestre do ano anterior estableceranse dous cadros de servizos: un para o período ordinario e outro para o período extraordinario. O cadro do período extraordinario fixarase para todo o ano natural. Debe respectarse a xornada máxima anual que estableza a Xunta de Galicia para o persoal a quendas.

As quendas de prestación efectiva de servizos en día festivo non superarán o número de 7 ao ano por traballador/a, computándose para estes efectos tanto as quendas en festivo realizadas en período ordinario como extraordinario. Non terá a consideración de quenda en día festivo aquela na que se presten tres ou menos horas en día sinalado como festivo.

2.- Período ordinario

O período ordinario comprende todo o ano, excepto o definido, se é o caso, como período extraordinario. Neste período realizaranse de luns a venres quendas de prestación efectiva de servizos de mañá e tarde.

Tamén se realizará unha quenda diaria de prestación efectiva de servizos durante **cada día da fin de semana e festivo**. Para estes efectos, terán a consideración de festivos os días 24 e 31 de decembro.

2.1.- Quendas diúrnas

A duración das **quendas de mañá e tarde de luns a venres** durante o período ordinario será de 8 horas. A quenda de mañá comezará ás 8.00 horas e a de tarde ás 14.00 ou 15.00 horas.

Se por necesidades de servizo é necesario **prolongar a xornada de traballo** durante as quendas de mañá e tarde, de luns a venres, o/a traballador/a seguirá prestando continuamente o servizo ata un máximo de 2 horas, sen que o número de horas acumuladas ao mes poida exceder 8.

Cada hora prolongada compensarase cunha diminución de xornada no mesmo trimestre ou no seguinte de 1,50 horas.

A duración da **quenda de fin de semana e festivo** será de 10 horas, con prestación efectiva de servizos, e poderá comezar ás 8.00, ás 14.00 ou ás 16:00.

2.2.- Quendas nocturnas

Durante o período ordinario, estableceranse **quendas nocturnas** durante todos os días do período, fins de semana incluído.

A quenda nocturna en **día laborable será de 10 horas**. A duración da quenda nocturna de fin de semana e festivo será de 10 horas e poderá empezar ás 21.00 ou ás 22.00 horas.

A prolongación das ditas quendas por necesidade do servizo compensaranse cunha diminución de xornada de 1,5 horas por cada hora prolongada, de ser posible, durante o mesmo ou seguinte trimestre.

2.3 Descansos

A quenda de traballo en día festivo comportará a libranza de dous días na mesma semana ou nas dúas semanas anteriores ou posteriores. A realización das quendas de fin de semana ou nocturna de fin de semana comportará a libranza de dous días na mesma semana e dun día máis na mesma semana ou nas dúas semanas seguintes ou nas dúas anteriores.

2.4.- Servizos máximos durante o período ordinario

Durante o período ordinario os servizos máximos por traballador/a serán os seguintes:

- c) 8 quendas de prestación efectiva de servizos en fin de semana completos cada 8 semanas en cómputo anual e nunca en fins de semana consecutivos.
- d) 8 quendas nocturnas cada 6 semanas, cada unha das cales se realizarán dentro da mesma semana natural.

3.- Período extraordinario

Con carácter xeral, o período extraordinario será de catro meses, que comprenderá, en todo caso, os meses de xullo, agosto e setembro, correspondentes co período de tempo declarado como época de perigo alto de incendios.

O mes adicional decidirao o centro directivo competente en materia de incendios forestais e poderá fraccionarse como máximo en dous períodos de 15 días. O inicio de cada un destes períodos adicionais anunciarase con tres días de antelación, sempre que as circunstancias o permitan.

En cada distrito estableceranse as quendas de persoal necesario para atender durante todos os días e horas do período extraordinario a vixilancia, prevención e extinción de incendios forestais e calquera outra continxencia que se produza.

3.1 Quendas diurnas

As quendas **serán de presenza física e a súa duración será de 10 horas**. As quendas empezarán ás 8:00 e ás 14:00.

Se por necesidades de servizo é necesario prolongar a xornada de traballo, o/a traballador/a seguirá prestando continuamente o servizo ata un máximo de 2 horas, sen que o número de horas acumuladas ao mes poida exceder 8. Cada hora prolongada compensarase cunha diminución de xornada no mesmo ou no seguinte trimestre de 1,50 horas

3.2 Quendas nocturnas

As quendas nocturnas serán de presenza física e terán unha **duración de 10 horas**. As quendas empezarán as 20:00 ou ás 22:00 horas.

3.3 Servizos máximos

3. Os servizos máximos no período extraordinario serán de 16 quendas mensuais. As quendas en fin de semana realizaranse en fins de semana alternos.

No suposto de persoal que teña restrinxidas ou sexa non apto para realizar funcións de extinción, o réxime de prestación de servizos será o do período ordinario e só poderán realizar quendas de fins de semana e festivos comprendidos dentro deste período ordinario.

4.- Réxime de descansos e horarios

O persoal gozará dun descanso semanal mínimo de 48 horas consecutivas dentro dun período de 7 días quedando prohibidas as continuidades de quendas superiores a 5 días consecutivos, agás que, por cambio de cadro, as necesidades de rotación do persoal non o permitan, compensándose neste suposto o descanso non gozado nos descansos semanais seguintes.

Os cadros de quendas confeccionaranse no último trimestre do ano para todo o exercicio seguinte, serán públicos e dados a coñecer ao persoal afectado.

A Administración poderá axustar periodicamente os horarios das quendas se o exixisen as necesidades do servizo, o que se poñerá en coñecemento do persoal afectado cunha antelación mínima de 4 días hábiles.

O persoal que preste servizo en quendas que comprendan integramente os períodos comprendidos entre as 13.00 e as 15.00 horas e entre as 21.00 e 23.00 horas terán dereito a dispoñer dunha hora en cada un deses períodos para xantar ou cear, sempre e cando a xornada de traballo se inicie ou finalice unha hora antes ou despois dos mencionados períodos e non resulte desatendido o servizo. Para facilitar este dereito, procurarase establecer as quendas que proceda.

CASOS ESPECIAIS

- 1.- Operadores/as codificadores/as. Estarán suxeitos/as en todo ao réxime do resto de funcionarios/as dos corpos xerais.
- 2.- Emisoristas-vixiantes fixos. A única peculiaridade é que nos servizos do 085 debe garantirse que os horarios permitan manter os centros abertos 24x7.
- 3.- Brigadas helitransportadas. A secuencia durante todo o ano será Luns-Mércores-Sábado-Domingo-Martes-Xoves-Venres. Os horarios serán os seguintes:

HORAS TRABALLO BRIGADAS HELITRANSPORTADAS			
MES	DÍA	HORA ENTRADA	HORA SAÍDA
XANEIRO	01 a 31	9:30	16:30
FEBREIRO	01 a 28	9:30	16:30
MARZO	01 a 10	9:30	16:30
	11 a 14	10:00	17:00
	15 a 22	10:00	19:15
	23 a 26	10:00	19:30
	27 a 31	10:30	20:30
ABRIL	01 a 04	10:30	20:30
	05 a 17	10:30	20:45
	18 a 30	10:30	21:00
MAIO	1	10:30	21:00
	02 a 14	10:30	21:15
	15 a 30	10:30	21:30
	31	10:30	21:45
XUÑO	01 a 30	10:30	21:45
XULLO	01 a 23	10:30	22:00
	24 a 31	10:15	21:45
AGOSTO	01 a 05	10:15	21:45
	06 a 16	10:00	21:30
	17 a 26	9:45	21:15
	27 a 31	9:30	21:00
SETEMBRO	01 a 04	9:30	21:00
	05 a 12	9:30	20:45

	13 a 21	9:30	20:30
	22 a 29	9:30	20:15
	30	9:30	20:00
OUTUBRO	01 a 08	9:30	20:00
	09 a 17	9:30	19:45
	18 a 31	9:30	16:30
NOVEMBRO	01 a 30	9:30	16:30
DECEMBRO	01 a 31	9:30	16:30

No caso dos/das emisoristas-vixilantes fixos/as das bases helitransportadas, farán esta secuencia durante o período no que na base haxa un medio aéreo. O resto do ano, prestarán servizo na emisora do CCD do ámbito xeográfico da base.